



# A MULLER GALEGA NAS COPLAS POPULARES DE TRADICIÓN ORAL E A MULLER RUSA DAS “CHASTUXKAS”: AFINIDADES E PECULIARIDADES

**Alexandra Koss**

Universidade Pedagóxica Herzen de San Petersburgo

Este escrito está elaborado a base duns apuntamentos feitos mentres participei como traductora na antoloxía *Cancións da gaita*, quinto volume da Antoloxía *A literatura Galega* editada polo Centro de Estudos Galegos da Universidade de San Petersburgo.

Na opinión de A. Fernández Ocampo, “a lectura das fontes da traducción da lingua meta é imprescindible para a elaboración de calquera proxecto da traducción da literatura popular” (Fernández 1996: 67), enfoque que coincide có de varios investigadores rusos ó falaren deste problema. Do mesmo xeito, coincide coas teorías rusas da comunicación intercultural a conclusión do investigador: “Traducir este tipo de pezas non so *evidencia as diferencias culturais*, senón que tamén *serve para comproba-la coincidencia das funcións entre os textos orixinais e a tradición da cultura de chegada*” (Fernández 1996: 65; o subliñado é meu. A.K.).

Para aproximarme a certos aspectos do tema que me propoño boto man da análise comparativa contrastiva de coplas galegas e de “chastuxkas” rusas creadas e/ou protagonizadas por mulleres.

O termo *chastuxka* ven derivado do adxetivo *chásty* (частый): *frecuente, reiterativo*; e no contexto folclórico caracteriza o ritmo acelerado dun texto breve que acompaña bailes folclóricos algo semellantes ó *pateado* galego. As versións rusas que propoño pertencen, segundo a clasificación actual (véxase, por exemplo, Etkind 1982: 34), ó grupo de *filolóxicas*: son as que *expoñen a mensaxe comunicativa e comentan os recursos de estilo* tomando en conta conceptos declarados e/ou implícitos e medios de expresión obvios e/ou connotativos, destacando os paralelismos conceptuais e formais entre as *chastuxkas* rusas e as coplas galegas.

Son as *chastuxkas*, igual cas *coplas*, obras menores de tradición e transmisión oral, e o feito de pertenceren ó mesmo xénero dá orixe a moitas afinidades nos contidos e nos códigos respectivos rusos e galegos, que se deixan observar xa nas senllas estruturas poéticas. As das *chastuxkas* son estrofas de catro versos (na súa maioría, aínda que as haxa de tres, seis ou oito versos), octosílabos (na maioría) coma as *coplas* que acompañan xotas galegas; as rimas adoitan ser tanto asonantes coma consonantes, tanto graves coma agudas.

Tradicionalmente —outro paralelismo coas *coplas*— son composicións destinadas a ser cantadas e teñen relación directa cos contextos sociais en que se cantan. É un xénero folclórico ruso que se configurou recentemente, sendo recolleitas as máis antigas na Rusia de Noroeste (zonas rurais) na segunda metade do século XIX.

Coma as *coplas*, cántanse as *chastuxkas* no ambiente e nas situacións máis recorrentes da vida cotiá (individual, familiar e comunitaria) reflectindo a mentalidade, os sentidos e emocións, os costumes e as crenzas da xente do campo ruso. Conforman unha enciclopedia de vida rural enfocada social —e existencialmente.

Coma tamén as *coplas*, as pezas menores rusas poden ser líricas ou satíricas (ás veces, estas dúas características van do brazo).

A folclorística moderna trata moito o tema do parentesco tipolóxico entre as manifestacións rexionais e nacionais da cultura popular, manifestacións que presentan sempre sistemas estruturais rigorosamente codificados dentro do polimorfismo estrutural.

As fontes da lingua meta: son numerosísimas as antoloxías de *chastuxkas*; a que máis usei para este escrito é “Mil *chastuxkas* da Comarca de Leningrado”, unha colleita xa clásica, editada por Vladímir Bahtín (1923-2001), destacado folclorista petersburgués.

Os criterios prioritarios para a escolma dos textos rusos por analizar son: o protagonismo e a autoría de mulleres; o sincronismo entre as actividades das *fistoras* galegas e das *piéselnitzas*<sup>1</sup> rusas, abranguendo o período entre os finais do século XIX —os da primeira metade do século XX; os paralelismos dos temarios e os dos códigos de recursos formais, partindo do concepto de Iuri Lotman: considera-lo texto poético coma *unha integridade orgánica* (Lotman 1972: 11).

Estes paralelismos múltiples e multiformes patentízanse mesmo nas definicións que adoitan usa-los folcloristas galegos e mailos rusos para caracteriza-las *coplas* e as *chastuxkas*: coinciden en destacar que os seus temas abranguen case que tódolos aspectos da vida rural, que desprenden a vitalidade e a ledicia e que os seus códigos poéticos amosan unha gran diversidade —sorprendente por habelenciosa— de recursos formais.

Ó ler, pola primeira vez, a coñecidísima *copla* galega: “Canto hai que no-nos vimos,/ máis hai que no-nos falamos;/ xa o camiño bota herba/ onde nos paseabamos” (A Cultura 1992: 27), pensei que xa preexistía, en ruso, algo coma unha “protoversión” ou “versión adiantada” con tódalas características conceptuais e formais reproducidas: a mesma mensaxe

---

<sup>1</sup> Cantigueiras (traducción literal).

(separación definitiva dunha parella), a mesma metáfora do camiño que bota herba coma símbolo do pasar do tempo, a mesma estrutura estrófica: os 4 versos octosílabos rimados. Velaquí a versión galega da chastuxka rusa, informativa e filolóxica, insisto en repetilo: “Separamónos, o meu queridiño e mais eu,/ el marchouse para a súa casa, e eu, para a miña./ Botou herba o noso camiño,/ herba mesta e verde”<sup>2</sup>

Diferentes, tan só algúns rasgos: a galega insiste no mecanismo psicolóxico progresivo da separación: primeiro deixaron de se falar, despois, de se ver; namentres que a rusa fai fincapé nunha bifurcación metafórica: os dous se marcharon para cadansúas casas; e visualiza a metáfora usando os modificadores (“herba mesta, herba verde”); mais a mensaxe comunicativa e as estruturas funcionais da forma poética son equiparables; e equiparables, os sentimentos das dúas protagonistas.

Igualmente, atopeime cunha “versión rusa adiantada” ó traduci-la cantiga galega “Miña nai non quere que vaia ó muiño” (Zernova 2002: 80). Velaquí o texto paralelo ruso: “O muiñeiro, o muiñeiro/ levoume á fraga dun abetal./ A miña nai deume unha tunda coa vasoira/ Que non andes cos muiñeiros”.<sup>3</sup>

É cousa sabida, o muiñeiro é o seductor rural de moito perigo en tódolos países europeos segundo proban as obras menores de transmisión oral entre francesas, inglesas e alemanas, mais non deixa de ser divertido o feito de que o castigo materno —rápido, mais non sei se eficaz— se realizou usando algo que estea a alcance da man da nai o que leva á memoria outra copla galega: “Miña nai deume a tunda/ co aro dunha peneira”...( Zernova 2002: 86). Folgan os comentarios, que sexan linguoetnolóxicos ou literarios. A vida cotiá do campo dos albores do séc. XX tería coincidencias nas terras de Tamarela e nas do Noroeste ruso.

Paralelos, senón idénticos, serían, de certo, os problemas existenciais tratados polas chastuxkas e polas coplas; e o máis global deles, o do pasar do tempo. Non se sabe se foi un fistor ou unha fistora, quen teceu a clásica copla: “Estreliña do luceiro,/ a que dá máis claridade,/ vaise o día, vaise a noite,/ vaise a nosa mocidade” (Zernova 2002: 72) mais as chastuxkas paralelas rusas van marcadas pola autoría feminina expresa: “Pasaron os anos da mocidade,/ os mellores entre mellores,/ ¡ai, pasou o meu tempiño/, nin eu mesma vin, pra onde”.<sup>4</sup> A chastuxka pareceume algo máis persoal, que a copla, a tristura, máis matizada de agrume. E velaquí unha máis, sobre o mesmo tema: “Destrenzate, miña trenza,/ non teño tempo pra pentearme,/ foise voando a miña mocidade,/ non hai troika que a alcance”<sup>5</sup> A intraducibilidade sintáctica de dous versos iniciais vese complicada pola intraducibilidade etnolóxica do terceiro e do cuarto versos: é que aínda nos comezos do séc. XX as solteiras adoitaban trenza-lo pelo nunha trenza, e as casadas, en dúas; a segunda referencia, a de troika, non esixe comentarios, xa que o termo é un dos poucos préstamos rusos incluso nos dicionarios galegos.

<sup>2</sup> Мы с миленичком расстались,/ он домой и я домой;/ Заросла наша дорожка/ зеленой густой травой. (As chastuxkas 1956: 482).

<sup>3</sup> Мельник, мельник/ завел меня в ельник./ Меня мамка венником:/ Не ходи по мельникам. (As chastuxkas 1956: 428).

<sup>4</sup> Прошли годы молодые,/ самолучшие года./ Ох, прошло мое да времечко,/ не видела, куда./ (Bahtin 1982: 374).

<sup>5</sup> Расплетайся моя косынька,/ мне некогда чесать!/ Улетела моя молодость,/ на тройке не догнать! (Bahtin 1982: 377).

É de notar, que dentro da riquísima colección de coplas e chastuxkas dedicadas ó tema universal “A solteira e a casada” ó lado de paralelismos hai casos interesantísimos de diferencias etnolóxicas; poñase como exemplo a seguinte cantiga galega: “Disme que non tedes cruz/ para rezar o rosario;/ cástate, miña filliña,/ e terás cruz e calvario” (Cabanillas 1983: 56). O xogo verbal, case conceptista —e, de certo, conceptual— é moi galego e moi enxebre.

Mais a característica común das coplas e chastuxkas acabadas de citar é unha ironía amarga que suxire a imaxe dunha troika inalcanzable á casada rusa, e a de cruz e calvario, á galega; trátase dun proceso da creación literaria paralelo e, en ambos os dous casos, marcado de ironía. E onde está a ironía, está o inconformismo e o reto.

Estas características acompañan á Maruxa e mais á Maxa dende noviñas. Son as súas armas defensivas cando as rapazas reivindicán o seu atractivo malia se saberen morenas ou pequenas: “Chamáchesme moreniña,/ éche do polvo da eira./ Xa me verás o domingo,/ como a guinda na guindeira” (Cabanillas 1983: 174), —refuta Maruxa as críticas dun mozo; e Maxa responde ás de “marmuradoras”: “Disque eu, rapaciña, son negra [de tan morena]/ eu non me resguardo tras un cristal, enmarcada:/ tódolos días/ vou ós traballos duros”.<sup>6</sup> Tampouco se cortan á hora de se lles reprocha-la súa pouca estatura: “Chamáchesme pequeniña/ coma o gran de cebada:/ o que teño de pequena,/ téñocho de resalada” (A Cultura 1992: 40), retrouca Maruxa a comparanza dun mozo; e Maxa consólase case que do mesmo xeito: “Non me importa ser pequena:/ acabo de coller unha estreliña do ceo;/ volvín tolo a un mociño/ no intre dun fiadeiro de serán”.<sup>7</sup>

Conforman unha especie de regueifa, en ruso e en galego, as coplas e as chastuxkas que falan do “prezo” de mozas e mozas. “Casaivos, mozos, casaivos,/ que as mozas baratas van:/ vintacinco por un carto,/ fiadas ata Sanxuán” (Cabanillas 1983: 64). A oferta ven cantada por unha voz masculina galega; e velaquí a variante da mesma oferta en ruso: “As nosas mozas sonvos para cantar chastuxkas,/ e para traballar, non tanto./ Cómpranse enfeites por medio rublo/ e valen vintecinco kopeks”.<sup>8</sup> As mozas pagan ós criticóns coa mesma moeda. As galegas: “Alabado seia Dios,/ xa veu a barateza:/ os homes, a catro cartos,/ os mozos, a catro perras (Cabanillas 1983: 76). E as rusas: “Sobre a mesa, hai unha botella,/ na botella, unha ponliña;/ tres copeks vale un rapaz,/ tres mil rublos, unha rapaciña.”<sup>9</sup>

As veces, a ironía serve mesmo para a autocrítica. Velaquí a clásica situación: dous mozos namorando á mesma rapaza. Maruxa amósase preocupada e asemade pragmática: “Un *anillo* me deu Xan./ Outro *anillo* me deu Pedro./ ¿Como eu ei de traballar/ cos dous anillos nun dedo?” (Zernova 2002: 162). Maxa repréndese a si mesma com máis vehemencia: “¡Son unha burra, son unha burra!/ ¡Ai, que a burra non ten miolos!/ De te-la burra miolos/ non se metería con dous mozos!”<sup>10</sup>

<sup>6</sup> Говорят, девчонка чёрна:/ не за рамочкой сижу:/ на тяжелую работушку/ кажинный день хожу (Bahtín 1969: 114)

<sup>7</sup> Ничего, что я мала – / с неба звездочку сняла:/ вечерочек посидела – / паренька с ума свела. (Anikin 1985: 135)

<sup>8</sup> Наши девки – на припевки,/ на работу – кое-как./ Пудры купят на полтинник,/ сами стоят четвертак. (Bahtín 1969: 84)

<sup>9</sup> На столе стоит бутылка,/ а в бутылке – веточка./ Три копейки стóит мальчик,/ а три тыщи – девочка. (Bahtín 1969: 80)

<sup>10</sup> Дура, дура, дура я!/ У дуры не было ума!/ Кабы был у дуры ум,/ не хороводилась бы с двум! (Bahtín 1969: 415)

Tamén hai coincidencias sorprendentes ó trátaren as coplas e as chastuxkas o tema —desgraciadamente, moi fecundo tanto en galego coma en ruso— “Borrachos e borracheiras”. Son unánimes Maruxa e Maxa: Maruxa: “Taverna de ponte torta,/ cando te virás abaixo./ O meu amor afogouse/ xerra a xerra, vaso a vaso.” (Cabanillas 1983: 131). Maxa: “É fundo o noso río,/ é mala a nosa pontiña/ O meu amor é moi bo,/ mais empezoñouno a augardentiña”<sup>11</sup>: o paralelismo nótase na tristura matizada de ironía exasperada en ambolos dous casos e na escolma do léxico para designalo o mozo coma “o meu amor”. A metáfora do afogo fatal non figura na chastuxka citada: a augardente metaforízase como veneno; o substantivo vai cun sufixo diminutivo, moi cargado, en ruso, de ironía dorosa e ácida. Noutra chastuxka aparece a imaxe galega, (a do mozo afogado): Maxa berra, literalmente: “¡Ai, rapazes, socorro!/ ¡O meu queridiño afogouse./ Nin no río, nin no mar,/ nunha botella,/ no mesmo pescociño!”<sup>12</sup> Nin a galega nin a rusa estarían de acordo co seguinte texto: “Hasta que no te emborraches/ no vienes en busca mía;/ ojalá te emborracharas/ todas las horas del día” (Malinóvskaia 1987: 203).

Tamén coinciden a galega e a rusa no seu concepto do amor verdadeiro (o tema entre os máis fecundos). Maruxa: “Eu contigo fago vida/ ó abrigo dunha pedra:/ Anque chova e sarabee/ para min é primavera” (A Cultura 1992: 28) Maxa: “Ó casares cun malquerido/ parecerche há longa a vida/ ó casares co benquerido/ a vida pasará sen que te des conta”.<sup>13</sup> A fórmula da felicidade, para ambas dúas, de certo, non é a riqueza: Maruxa bótalle un reto o pretendente rico: “Olvidácheme por pobre,/ eu a ti, por vinculeiro:/ Aínda non eres galo/ que canta no meu poleiro” (Cabanillas 1983: 140). A actitude de Maxa é idéntica: “Este banco éche escorregadizo, / non sentes ó meu carón, ti, mozo adiñeirado/, e ti, pobre, pero querido / senta xunto de min”.<sup>14</sup>

As dúas rexeitan, resoltas, a falsidade, a inseguridade: “Non me adoita que me mires, / nin me adoita que me fales / porque xa sei que te estimes / en moito máis de que vales” (Cabanillas 1983: 148). E a rusa tece unha metáfora inspirada polo clima da súa terra: “Estiven [en medio dun río] sobre un anaquiño de xeo, / era de moi pouco grosor/ e derreteuse. / Non foi o meu mozo quen me deixou, / fun eu quen o deixei.”<sup>15</sup>

É, nos dous casos, un reto afouto e coraxudo, no de Maruxa tallante, no de Maxa, matizado de amargor, mais tamén de dignidade. As dúas tratan de *governar elas mesmas a súa vida*: Maruxa, facendo fincapé na súa dignidade de boa traballadora “Voume por aquí abaixo, / voume por aquí arriba, / fiando na miña roca, / gobernando a miña vida”, (Zernova 2002: 84) e Maxa, no seu dobre atractivo: sábese boa traballadora e unha moza feiticeira: “¿El non é certo que son eu quen / de gadañar toda a herba do prado ribeirán? / ¿El non é certo que son eu quen / de namora-lo meu amiño?”<sup>16</sup>

<sup>11</sup> Наша речка глубока,/ худая переходочка./ Мой-то родненький хороший./ да стравила водочка. (Bahtin 1969: 30)

<sup>12</sup> Ой, ребята, караул!/ Мой миленок утонул!/ Не в реке, не в морюшке,/ а в бутылке, в горлышке! (ib., id.)

<sup>13</sup> Нелюбой навяжется,/ долог век покажется./ Как любой-то попадет,/ не заметишь, век пройдет. (Bahtin 1969: 138)

<sup>14</sup> Лавка, лавочка поката,/ не садись со мной, богатый./ Хоть и бедный, да милой,/ сядь на лавочку со мной. (As chastuxkas 1956: 115)

<sup>15</sup> Я на льдиночке стояла,/ тонкая растаяла./ Не милой меня оставил,/ я его оставила. (As chastuxkas 1956: 480)

<sup>16</sup> Неужели мне не выкосить/ у речки бережка?/ Неужели мне не высушить сердечко у дружка? (Bahtin 1969: 25)

E Maruxa declara, sorrinte e segura de si: “Sei cantar e sei bailar, / sei toca-la pandeireta; / *sepa* o que case comigo / que ten a música completa” (Zernova 2002: 76) ou “Sei cantar e sei bailar, / sei toca-lo pateado; / son filla dun labrador, / sei poñe-los bois ó carro” (Zernova 2002: 74). Maxa gábase da súa vida familiar nos seguintes termos: “O meu queridiño é acordeonista / e eu sonvos cantigueira: / el toca, eu canto, / na nosa casa vívese con ledicia.”<sup>17</sup>

Para as situacións difíciles gardan ambalasdúas as súas armas de sempre, a ironía e o reto. Velaquí unha copla galega: “A miña roca empeñada, / o meu fuso por encher, / a miña sogra enterrada, o meu home por nacer”. (Cabanillas 1983: 52). Ó constata-la perda dos atributos do seu modo de subsistencia e dos da consideración social a galega non se queixa: afirmase nesta vida malpocada, a súa resignación é, obviamente, irónica e conleva un reto sarcástico, coma tamén o é o reto que lanza Maxa ó declara-la súa pobreza extrema: “Vou vende-lo fuso / e maila roca, / mércome un acordeón/ e vou bailar!”<sup>18</sup>

As dúas sempre están dispostas ó reto, que veña da plenitude dunha vida feliz ou da frustración dunha vida malograda.

Finalmente, ¿por que cantan ambalasdúas? Confésano. Maruxa: “Eu non canto por cantar, / Nin pola gracia que teña; / canto por me alíviar / Corazón de tanta pena” (Zernova 2002: 76). E Maxa: “Cantar cantigas, évos a miña alma / Rífanme por iso. / Mais se non se canta, / pódese morrer de puro anoxo.”<sup>19</sup> Para elas, o cantar é unha necesidade existencial que ven do corazón (Maruxa) ou da alma (Maxa).

## A modo de conclusión

Hai unha copla galega difícil de interpretar: “Unha nena non é nena, / dúas nenas, nenas son, / tres nenas queiman a casa, / catro vólvena carbón” (Cabanillas 1983: 38). Na nosa opinión trátase dunha característica denotada por un adxectivo ruso acuñado mais o menos recentemente (comezos do séc. XX) «боевой» (boievoi) e que se deixa traducir como “afouto”, “lanzado” etc.

O folclorista petersburgués Vladímir Bahtín recolleu na comarca leningradense unha colección de *chastuxkas* anafóricas, que portan mensaxes determinadas por este lexema – clave e polo primeiro verso reiterativo e que declara: “Disque son eu afouta” («Говорят, я боевая»).

Non se trata do optimismo imposto pola ideoloxía oficial daquele período histórico. Velaquí dúas *chastuxkas* que o proban. Foron recolleitas, en 1957, dunha informante de 61 anos (nacida en 1896, unha moza de 21 no momento da revolución de 1917):

“Disque son eu unha afouta,/ é verdade, sonvos moi lanzada:/ aínda que teña moita pena/ sempre estou leda”; e outra: “Disque son afouta, / é verdade son unha afoutiña: / ó ver un coiteliño diante / non deixei escapar nin unha bagoiña”<sup>20</sup>. Non hai ironía, por certo, mais si o reto. Entre a *fistora* e

<sup>17</sup> Мой миленок – гармонист./ а я – песельница./ он играет, я пою./ у нас весело в дому. (As *chastuxkas* 1956: 421)

<sup>18</sup> Прялку продам./ веретешко продам./ гармонь куплю, плясать пойду. (Anikin 1985: 142)

<sup>19</sup> Песни петь – душа моя./ Меня за песенки бранят./ Если песенок не петь - / от скуки можно помереть. (Bahtin 1969: 66)

<sup>20</sup> Говорят, я боевая./ Правда, я бедовая./ хоть на сердце горя много./ я всегда веселая. Говорят, я боевая./ правда, боевичка:/ стояла перед ножиком./ не выпала слезиночка. (Bahtin 1969: 66, 67)

a *piéselniza* (cantigueira) sempre hai diferencias determinadas polo ambiente natural e social, que configura as súas formas de pensar e de se comportar, pero tras esta expresión que é a *fala cantada* gardan as dúas a dignidade e a afouteza que lles axudan a resistir ós percances da vida, usando, como armas, a ironía irreductible e o reto.

As *protoversións* (versións *adiantadas*) contribúen a que o traductor cree versións idóneas para cumprir unha das súas máis importantes funcións comunicativas que, nas palabras de Andrei Fiódorov, destacado traductólogo ruso (1906-1997), consiste en provocar “*un diálogo entre o noso e o alleo*” (Fiódorov 1983: 20).

Quizais sexan a ironía e o reto dúas características máis *dialogantes e que máis determinen e xeneren os paralelismos*, que sexan conceptuais, psicolóxicos, estruturais, artísticos, de xeito que as coplas e as chastuxkas resultan *traducibles* ó ruso e ó galego, respectivamente.

### **Bibliografía citada**

- АНИКИН, В. (составитель). *Русский фольклор*. Москва: Художественная литература, 1985.
- АНИКIN, V. (ed.). *O Folclore Ruso*. Moscova: Belas Letras, 1985.
- БАХТИН, Владимир (составитель). *1000 частушек ленинградской области*. Ленинград, Лениздат, 1969.
- ВАНТÍN, Vladímir (ed.). *Mil chastuxkas da Comarca de Leningrado*. Leningrado: Lenizdat, 1969.
- БАХТИН, Владимир (составитель). *Сказки, песни, частушки, присловья ленинградской области*. Ленинград: Лениздат, 1982.
- ВАНТÍN, Vladímir (ed.). *Contos, cantigas, refráns da Comarca de Leningrado*. Leningrado: Lenizdat, 1982.
- СABANILLAS, Ramón. *Cancioneiro Popular Galego*. Vigo: Galaxia S.A., 1983.
- ЕТКИНД, Ефим. *Un art en crise. Essai de la poétique de la traduction poétique*. Lausanne: L'Age de l'homme, 1982.
- FERNÁNDEZ OCAMPO, Anxo. “Traducir literatura popular para o galego”. *Viceversa* 2, Vigo, (1996): 67-80.
- ФЕДОРОВ, Андрей. *Искусство перевода и жизнь литературы*. Ленинград: Советский писатель, 1983.
- FIÓDOROV, Andrei. *O arte da traducción e a vida da literatura*. Leningrado: Sovietski Pisátel, 1983.
- ЛОТМАН, Юрий. *Анализ поэтического текста*. Ленинград: Просвещение, 1972.
- LOTMAN, Iuri. *Análise de textos poéticos*. Leningrado: Prosvexchénie, 1972.
- MALINÓVSKAIA, Natalia, GUELÉSKUL, Anatoli (ed.). *Cancionero popular español*. Moscú: Ráduga (Edición bilingüe), 1987.
- РОЖДЕСТВЕНСКАЯ, А., ЖИСЛИНА, С. (составители). *Русские частушки*. Москва: Художественная литература, 1956.

- ROZHDÉSTVENSKAIA, A., ZHISLINÁ, S. (ed.). *As chastuxkas rusas*. Moscova: Belas Letras, 1956.
- V.V.A.A. *A cultura popular de tradición oral nos centros da terceira idade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 1992.
- ZERNOVA, Elena (ed.). *Canciós da gaita. Poesía popular galega*. San Petersburgo: Centro de Estudos Galegos da Universidade de San Petersburgo, 2002.

Koss, Alexandra. "A muller galega nas coplas populares de tradición oral e a muller rusa das "chastuxkas": afinidades e peculiaridades". *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península. Barcelona 28 ó 31 de maio de 2003*. Ed. de Helena González e M. Xesús Lama. Sada: Edicións do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) / Filoloxía Galega (Universitat de Barcelona), 2007. ISBN: 978-84-8485-266-7. Depósito Legal: C-27912007.